

SOBRE A PRIVATIZACIÓN DA XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DE ESTERILIZACIÓN DO SERGAS.

O Diario Oficial da Unión Europea publicou, o 2 de xaneiro de 2014, o inicio do proceso de privatización da xestión do material estéril dos hospitais do SERGAS (<http://ted.europa.eu/udl?uri=TED:NOTICE:601-2014:TEXT:ES:HTML&tabId=1>). Diante deste feito queremos facerlle chegar as seguintes reflexións:

- 1) O persoal facultativo dos Servizos de Medicina Preventiva, e as enfermeiras/os supervisores das Centrais, somos as/os profesionais responsábeis da actividade das centrais de esterilización dos hospitais do SERGAS e, en boa medida, os principais depositarios da experiencia e do coñecemento científico acumulado sobre esterilización de material sanitario que existe na sanidade pública galega.
- 2) Nos últimos anos, na maioría dos hospitais do SERGAS téñense dado importantes pasos adiante na mellora da xestión e da calidade das nosas centrais. Esas melloras permitiron, entre outros logros, importantes avances en garantir a trazabilidade do material estéril, e en reducir o número de avarías dos esterilizadores. Nestes anos, téñense avanzado moito na informatización das centrais, na formación do persoal que traballa nelas, e no establecemento de sistemas de calidade, en xeral relacionados coa ISO 9001. Na actualidade pode afirmarse que as Unidades de Esterilización dos hospitais públicos galegos teñen unha elevada efectividade e eficiencia, tendo demostrado tamén sobradamente a súa versatilidade e capacidade de adaptarse aos cambios tecnolóxicos e as novas necesidades asistenciais dos nosos hospitais e do conxunto dos sistema sanitario asistencial público galego.
- 3) A decisión da Consellería de convocar o concurso para a contratar cunha empresa privada o “Servizo de Xestión Integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial dos centros do Servizo Galego de Saúde”, non foi consultada cos profesionais que subscribimos este escrito.
- 4) Consideramos que a decisión de privatizar a xestión da esterilización do SERGAS foi tomada por motivos alleos ao rigor técnico, e que non existe evidencia científica de que, coa súa privatización, vai mellorar a eficiencia no uso dos recursos que a sanidade pública galega dedica á esterilización do material asistencial.
- 5) Resúltanos totalmente descoñecida a existencia de informes técnicos que apoiem a conveniencia da privatizar a xestión do material estéril da sanidade pública. De existir eses informes, pedímoslle encarecidamente que se nos fagan chegar, de xeito que a nosa opinión técnica poida ser máis matizada.
- 6) Como firmes defensores que somos do carácter plenamente público da nosa sanidade, o SERGAS tennos totalmente a súa disposición para contribuír, coa nosa experiencia e coñecemento técnico, á introdución de melloras na eficacia e eficiencia da xestión das nosas centrais de esterilización.
- 7) Por todos estes motivos, os profesionais que subscribimos este escrito, responsábeis dos Servizo de Medicina Preventiva e Supervisores das Centrais de Esterilización dos Hospitais do SERGAS, **pedímoslle á Consellería de Sanidade que paralice o concurso de privatización das actividades de esterilización do SERGAS.**

22/01/2014

Esta carta foi asinada pola totalidade das supervisoras/res das centrais de esterilización, e pola grande maioría dos xefes de servizo e responsábeis dos servizos de Medicina Preventivas dos hospitais do SERGAS. Aos responsábeis dos Servizos de Medicina Preventiva que non tiñan contratos fixos, non se lles pediu que asinaran a carta. A carta, na redacción orixinal que se lle mandou á Conselleira de Sanidade o 23/01/2014, contiña unha segunda páxina na que figuraban os nomes e apelidos dos asinantes, así como o hospital no que traballan.